

«Artigo 29.

4. Cando existan tarifas obrigatorias, o prezo do transporte que contraten as partes deberá axustarse a elas. En ausencia de pacto expreso, entenderase que o prezo do transporte se corresponde co da tarifa, se fose única, ou co que resulte de aplica-la media aritmética da tarifa máxima, e da mínima se estivese establecida en forquita, agás que a Administración determine dentro da forquita un prezo concreto para estes efectos, caso en que se entenderá convindo o contrato consonte este.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase o punto 9 do artigo 28 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó preceptuado neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

XEFATURA DO ESTADO

9154 *REAL DECRETO LEI 3/2002, do 10 de maio, polo que se autoriza a incorporación e afectación de remanentes de crédito para atender-lo pagamento de indemnizacións derivadas da aplicación da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.* («BOE» 113, do 11-5-2002.)

A Lei 9/2000, do 22 de decembro, concedeu un crédito extraordinario por importe de 280.218.035 euros, para a atención dos gastos derivados da execución da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.

O crédito extraordinario, de conformidade co indicado no artigo 2.2 da Lei 32/1999, destinábase ó pagamento de indemnizacións por actos ou feitos causantes que acaecesen entre o 1 de xaneiro de 1968 e a entrada en vigor da propia lei.

O remanente do crédito extraordinario ó cerramento do ano 2000 foi obxecto de incorporación ó orzamento do ano 2001, para terminar de aboa-las indemnizacións que ó finaliza-lo ano 2000 quedasen pendentes.

Con posterioridade á publicación da Lei 32/1999, as leis 14/2000 e 24/2001, de medidas fiscais, administrativas e da orde social para os anos 2001 e 2002, fixeron extensibles as indemnizacións ós feitos acaecidos ata o 31 de decembro de 2001 e 31 de decembro de 2002.

Dado que o 31 de decembro de 2001 existe remanente do crédito extraordinario, anteriormente citado, e que as obrigas ás que daba cobertura foron practicamente atendidas na súa totalidade, procede afecta-los

ditos remanentes ó cumprimento das obrigas xurdidas con posterioridade, o que require, ademais, autoriza-la súa incorporación ó orzamento vixente, sendo necesario para iso a correspondente norma con rango de lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior e do ministro de Facenda e logo de deliberación en Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de maio de 2002,

DISPONGO:**Artigo 1.** *Afectación de remanentes de crédito.*

Os remanentes de crédito existentes o 31 de decembro de 2001 procedentes do crédito extraordinario concedido pola Lei 9/2000, do 22 de decembro, poderán destinarse a financia-las indemnizacións derivadas da aplicación da Lei 32/1999, do 8 de outubro, por feitos ou actos causantes acaecidos ata o 31 de decembro de 2002.

Artigo 2. *Incorporación de remanentes de crédito.*

Para os efectos indicados no artigo anterior, o ministro de Facenda poderá autoriza-la incorporación dos indicados remanentes ó vixente orzamento da sección 16, «Ministerio do Interior».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

9155 *REAL DECRETO LEI 4/2002, do 10 de maio, polo que se aproban medidas complementarias ás establecidas polo Real decreto lei 2/2002, do 5 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polas choivas torrenciais acaecidas o 31 de marzo de 2002 en Santa Cruz de Tenerife e en San Cristóbal de la Laguna (illa de Tenerife).* («BOE» 113, do 11-5-2002.)

O Real decreto lei 2/2002, do 5 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polas choivas torrenciais acaecidas o 31 de marzo de 2002 en Santa Cruz de Tenerife e en San Cristóbal de la Laguna (illa de Tenerife), aprobou diversas axudas para atender-las graves consecuencias deste fenómeno meteorolóxico adverso.

Dada a gravidade dos feitos, o Real decreto lei 2/2002 abordou, con carácter de urxente, un catálogo de medidas centradas na concesión de axudas persoais e por danos en vivendas, utensilios e vehículos ás que se deu prioridade absoluta, co fin de dar resposta inmediata á situación dos cidadáns afectados, sen esperar á valoración dos danos producidos nas infraestructuras locais que, por ser de imposible cuantificación nun lapso de tempo tan breve como o que mediou entre as choivas torrenciais e a aprobación do Real decreto lei 2/2002, quedaron aprazadas a unha norma posterior de axudas.

Finalizada esta valoración, é preciso aborda-la aprobación dunha norma complementaria do Real decreto